

INSTRUCCIÓN DO 13 DE OUTUBRO DE 2016 POLA QUE SE REGULA O PROCESO DE CERTIFICACIÓN CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2016, RELATIVO ÁS AXUDAS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA: PROGRAMA DE CONSOLIDACIÓN (CONVOCATORIAS 2013, 2014, 2015 E 2016 MODALIDADE D) E PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE INVESTIGADORES EMERXENTES CONVOCATORIA 2014

En virtude do artigo 74 dos Estatutos da Universidade de Vigo, polo que se lle atribúe ao xerente a competencia na xestión dos servizos económicos e administrativos da universidade, establécense as seguintes instrucións:

1.-No relativo aos programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG ("CONS") -. Convocatorias 2013, 2015 e 2016 modalidade D, e de axudas a investigadores emerxentes ("EMER")-. Convocatoria 2014.-

Punto 1: Que a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 30 de novembro de 2016.

Punto 2: Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 1 de decembro de 2015 ata o 30 de novembro de 2016.

Punto 3: Que a data límite para que as empresas presenten as facturas no punto de entrada da facturación electrónica da Xunta de Galicia será o 10 de novembro de 2016. Para garantir este prazo, establécense os seguintes prazos no aplicativo de pedidos:

-Data límite para SOLICITAR un pedido: 31 de outubro.

-Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 5 de novembro.

-Data límite para a CONFORMACIÓN do pedido: 8 de novembro.

-Data límite para a CONCILIACION do pedido e elaboración do documento contable 15 de novembro.

Punto 4: Que a aplicación contable Xesticonta está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 15 de novembro.

Punto 5: Que o parque móbil procederá á recollida da documentación contable (de ser posible, previa e debidamente clasificada segundo as orgánicas dos proxectos) o 15 de novembro de 2016 ata as 14:00 h, para depositala no servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría esa mesma tarde.

Punto 6: Que para proceder á correcta certificación do gasto de persoal (nóminas e seguridade social) con cargo aos proxectos destas convocatorias, non poderán efectuarse retencións de crédito para a contratación de persoal alén do 31 de outubro de 2016. Toda contratación de persoal no mes de novembro conlevaría á descertificación dos seguros sociais, ao considerar o seu pagamento como extemporáneo (excepto os xa realizados de acordo coa instrución xerencial do 2 de setembro de 2015).

2.-No relativo ao programa de consolidación e estruturación de unidades competitivas do SUG ("CONS").- Convocatoria 2014.-

Punto 1: Que segundo a Orde pola que se convocan as axudas para o ano 2014, a data límite para que a universidade entregue a certificación dos gastos e dos pagamentos na Consellería de Educación da Xunta de Galicia é o 15 de decembro de 2016.

Punto 2: Que a citada certificación permitirá vincular os gastos realizados dende o 16 de decembro de 2015 ata o 15 de decembro de 2016 para a convocatoria de programas de consolidación e estruturación de unidades competitivas ("CONS").

Punto 3: Que a data límite para que as empresas presenten as facturas no punto de entrada da facturación electrónica da Xunta de Galicia será o 30 de novembro de 2016. Para garantir este prazo, establécense os seguintes prazos no aplicativo de pedidos:

- Data límite para SOLICITAR un pedido: 14 de novembro.
- Data límite para que o pedido sexa TRAMITADO: 21 de novembro.
- Data límite para a CONFORMACIÓN do pedido: 24 de novembro.
- Data límite para a CONCILIACION do pedido e elaboración do documento contable 30 de novembro.

Punto 4: Que a aplicación contable Xesticonta está programada para non autorizar a elaboración de documentación contable alén do 30 de novembro.

Punto 5: Que o parque móbil procederá á recollida da documentación contable (de ser posible, previa e debidamente clasificada segundo as orgánicas dos proxectos) o 30 de novembro de 2016 ata as 14:00 h, para depositala no servizo de contabilidade, orzamentos e tesouraría esa mesma tarde.

Punto 6: Que para proceder á correcta xustificación do gasto de persoal (nóminas e seguridade social) con cargo aos proxectos destas convocatorias, non poderán efectuarse retencións de crédito para a contratación de persoal alén do 31 de outubro de 2016. Toda a contratación de persoal no mes de novembro conlevaría á descertificación dos seguros sociais, ao considerar o seu pagamento como extemporáneo.

En vigo a 13 de outubro de 2016

O Xerente

A vicerreitora de Investigación e Transferencia



Manuel Fernández Jauregui

Asunción Longo González



- Sra. Vicerreitora de Investigación e Transferencia*
- Sr. Vicexerente de Recursos Humanos*
- Sr. Xefe do Servizo de Control Interno*
- Sr. Xefe do Persoal Docente e Investigador*
- Sra. Xefa do Servizo de Retribucións e Seguros Sociais*
- Sra. Xefa do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería*
- Sr. Xefe do Servizo de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento.*
- Srs./Sras. Administradores/as de centros (Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)*
- Sra. Xefa da Sección de Tesourería*
- Sra. Xefa da Sección de Proxectos de Investigación*
- Srs./Sras. Responsables de Asuntos Económicos dos Centros (Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)*
- Srs./Sras. Investigadores responsables dos Proxectos*